# PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRADO MEDIO E GRADO SUPERIOR

A Consellería de Cultura e Educación convoca probas de acceso a ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o ano 2012.

**Ciclos Formativos de Grao Medio**: prazo comprendido entre os días 27 de febreiro e o 9 de marzo de 2012.

A solicitude de inscrición para as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio presentarase por duplicado na secretaría de calquera instituto de educación secundaria onde se impartan ciclos formativos de formación profesional ou centros integrados de formación profesional.

As probas de acceso aos ciclos de grao medio terán lugar o día 25 de maio de 2012 no horario que se indica a seguir:

Ás 9.00 horas: presentación.

Das 10.00 ás 11.00 horas: parte matemática.

Das 11.30 ás 13.30 horas: parte sociolingüística.

Das 16.00 ás 18.00 horas: parte científico-técnica.

Os resultados das cualificacións provisorias das probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio publicaranse o día 7 de xuño.

**Requisitos:** poderán inscribirse nás probas de acceso quen non cumpra os requisitos académicos esixidos para acceder a ciclos formativos de grao medio e teña cumpridos 17 anos ou os cumpra no ano natural de celebración da proba.

**Ciclos Formativos de Grao Superior**: prazo comprendido entre os días 23 de xaneiro e o 3 de febreiro de 2012.

A solicitude de inscrición para as probas de acceso aos ciclos formativos de grao superior presentarase por duplicado na secretaría de calquera instituto de educación secundaria onde se impartan ensinanzas de ciclos formativos de

Este documento ten exclusivamente carácter divulgativo, sen que o seu contido teña valor xurídico vinculante

formación profesional ou centros integrados de formación profesional (agás no CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro).

As probas de acceso aos ciclos de grao superior terán lugar o día 30 de marzo de 2012 no horario que se indica a seguir:

Ás 9.00 horas: presentación.

Parte común da proba:

Das 10.15 ás 13.45 horas: matemáticas, lingua galega e lingua castelá.

Parte específica da proba:

Das 16.00 ás 18.30 horas: materias específicas da opción vinculada ao ciclo formativo ao cal se desexe acceder, segundo o anexo I desta resolución.

Os resultados das cualificacións provisorias das probas de acceso aos ciclos formativos de grao superior publicaranse o día 25 de abril.

**Requisitos:** será condición imprescindible para concorrer á proba ter cumpridos 19 anos ou cumprilos no ano natural de celebración da proba.

Así mesmo, tamén poderá presentarse quen teña cumpridos 18 anos no ano natural de celebración da proba e dispoña dun título de técnico relacionado coa familia profesional incluída na opción á que opta.

Máis información en www.xunta.es/fp e no DOG do 19 de xaneiro de 2012

**Este documento ten exclusivamente carácter divulgativo, sen que o seu contido teña valor xurídico vinculante**